



## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E CATRO DE MAIO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

### SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA

Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ

D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

Dª. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Dª. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario

D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e catro de maio de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día tres de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

#### **2º.- Instancias de obras de particulares**

##### **2.1.- Instancia num. 382/11 de dona Mª. del Carmen Veloso Neira**

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 46 m<sup>2</sup>, consistente en cambiar o tellado, colocando uralita e tella, situada en Ponte Ulla, dentro do ámbito do Plan Especial de Protección do Núcleo de Ponte Ulla (PE-1) segundo o PXOM.

Dáse conta asimesmo da autorización do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo

3 do real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de trinta e cinco euros con dous céntimos (#35,02#)

#### 2.2.- Instancia num. 430/11 de don Manuel Pazos Calvo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación do anexo á vivenda, de aproximadamente 10 m<sup>2</sup>, consistente en cambiar o tellado, colocando uralita e tella e encintar parte da parede da vivenda, situada en Fornelos nº 3, en solo cualificado como de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM

Dáse conta asimesmo da autorización do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldoróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de dezanove euros con vinte céntimos (#19,20#)

#### 2.3.- Instancia num. 641/11 de dona Mercedes Barco Paz

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe, solicita licenza para proceder á segregación e agrupación das fincas nums. 510-3 e 510-1 de concentración parcelaria de Trobe, situadas no lugar de Trobe, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo de núcleo rural (N-1) segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan Carlos Vilariño Santos.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de segregación e parcelación das citadas fincas nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesoureira municipal, que ascenden á cantidad de cento vinte (#120,00#)

#### 2.4.- Instancia num. 12/11 de don Alvaro García Cutrín e don Carlos García Cutrín

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins de Sales, solicitan licenza para proceder á parcelación da finca num. 637 dos planos do acordo de concentración parcelaria de Sales -Illobre, situadas en Nande, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rustico



de protección agropecuaria (R-2), en seis parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan R. Casais Pereira.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de trescentos sesenta (#360,00#) euros

#### 2.5.- Instancia num. 709/11 de dona Rosa María Barreiro Mougán

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para a construcción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, no lugar de Agrelo -Santa Cruz de Ribadulla, en solo rústico de agrícola (R-2) e solo de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 mts de distancia dende o eixe da estrada CP-8902 e 6,00 mts dende o eixe do viario municipal; respectaranse o viario existente na cartografía polo interior da finca e cunha distancia ao eixe de 5,00 mts dende o vial; garantirse o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts e na zona de solo rústico é 1,50 mts no resto.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscientos dezasete euros con setenta e sete céntimos (#217,77#)

#### 2.6.- Instancia num. 740/11 de dona Lourdes Bao Cebeiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 14/12/2010, para a construcción duha vivenda unifamiliar en Sarandón (licenza num. 2010/008/000028), segundo o proxecto modificado presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro cun orzamento de 127.360,26 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión de licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda concederlle a modificación da licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación con-



dicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos estremeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal , pola diferenzia do orzamento entre os proxectos, que ascende á cantidade de douscentos noventa e oito euros con trinta e nove céntimos (#298,39#)

#### 2.7.- Instancia num. 702/11 de don Jesús Rosalino Lortes Miranda

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Lestedo (Boqueixón), solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 1232 do polígono 502 do catastro de Vedra, situada en Texo -San Fins de Sales, en solo cuallificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2), en tres parcelas resultantes, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico don Carlos Lortes Gómez

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

#### 2.8.- Instancia num. 755/11 de don Manuel Sánchez Bouzón

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construcción dun cerramento de parcela, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 60 mts de lonxitude, no lugar de Trasariz de Abaixo, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial por ser un vial municipal en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ao inicio das mesmas a utorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e sete euros con trinta e tres céntimos (#37,33#)

#### 3º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Indemnizacións e quilometraxe do Sr. Secretario, don Carlos J. Méndez - Losada, por asistencia a xornadas na EGAP sobre do proceso electoral e renovación das entidades locais. Importe 91,99 euros



Quilometraxe e gastos de autoestrada do 1º Tenente de Alcalde, don Eloy J. Iglesias, do mes de abril. Importe 226,48 euros

Xornadas de traballo do 2º Tenente de Alcalde don José A. Sánchez de la Fuente de xaneiro a maio, por asistencia a consellos escolares e outros. Importe 142,50 euros

Quilometraxe do arquitecto don Fernando Faya por visitas a obras municipais nos meses de marzo a maio. Importe 46,83 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo por xestións relacionadas coas Eleccións Municipais. Importe 9,66 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios, don José Munín, dos meses de marzo, abril e maio. Importe 148,47 euros

Quilometraxe da auxiliar de servizos dona Belén González Gestoso en abril e maio. Importe 66,57 euros

Quilometraxe da aparelladora dona Clara Lema por xestións varias en marzo, abril e maio. Importe 27,51 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de abril. Importe 72,91 euros

Quilometraxe da monitora dona Lucía Sevio Barrio do mes de abril. Importe 50,40 euros

Quilometraxe da monitora dona Sonia Carbia dos meses de febreiro a maio. Importe 44,10 euros

Quilometraxe das auxiliares de axuda a domicilio no mes de abril. Importe 302,51 euros


Horas extraordinarias da monitora dona Sonia Carbia por atención comedor de Ortigueira. Importe 135,80 euros

Quilometraxe e horas extraordinarias do traballador don Manuel Lobato Cutrín por arranxar avaría eléctrica no colexio electoral de San Miguel de Sarandón o 22/05/2011. Importe 21,66 euros

Indemnizacións a don Jesús Fernández Pereira por substitución do conductor titular do vehículo de recollida de lixo no mes de maio. Importe 79,14 euros

Fondo social (seguro médico) do funcionario don Carlos J. Sanmartín, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 259,80 euros

Fondo social (seguro médico) da funcionaria dona María Canedo de la Torre, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 331,72 euros



Fondo social (odolotoloxía) da traballadora social dona Ana M<sup>a</sup>. Aldrey, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 75,00 euros

Fondo social (odontoloxía) da auxiliar administrativo de servizos sociais, dona Lidia Carpinteiro , segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 56,25 euros

Indemnizacións por asistencias á Mesa de Contratación das obras do POS 2011 e PCC 2008-2011. Importe 122,03 euros

Factura num. 07/C-03/2011 de don Delio Sánchez Lojo por clases de dibuxo e pintura no mes de maio. Importe 236,00 euros

Factura num. U681127 de Ricoh por copias efectuadas na fotocopiadora de servizos sociais no meses de marzo a maio. Importe 114,01 euros

Factura num. 669/11 de Gráfica de Asturias, S.L por papeletas para as eleccións locais. Importe 427,16 euros

Factura num. 500284 de Hierros Diego, S.L por tubos para obras. Importe 402,77 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente ao alumeadoo público en Ponte Ulla nos meses de marzo e abril. Importe 743,29 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don José Ramón Santomil por obradoiro de canto-coral na casa da terceira idade nos meses de abril e maio. Importe 427,68 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco J. Souto Rial por impartición clases de baile rexional no mes de maio. Importe 150,64 euros

Factura num. U661643 de Ricoh España, S.L.U po mantemento fotocopiadoras da casa do concello , biblioteca e axencia de lectura no mes de maio. Importe 296,39 euros

Facturas num. 3210464 e 32101602 de Automoviles Louzao, S.L por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 1.133,70 euros

Factura de Cide Hcenergía, S.A correspondente ao alumeadoo público de Caldelas -Ponte Ulla no mes de abril. Importe 411,17 euros

Factura num. 16 de Grupo Acofide, S.C por xestión de instalacións e actividades do pavillón no mes de abril. Importe 5.826,25 euros

Factura num. 17 de Grupo Acofide, S.C por aros basculantes para o pavillón. Importe 188,80 euros



Facturas num. P102.630 e M100.568 de Editorial Compostela, S.A por certo publicidade , segundo convenio aprobado. Importe 708,00 euros

Factura num. 545/11 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 392,29 euros

Factura num. 11/9 de José María Freiría Suárez por prestación do servizo de limpeza en abril. Importe 3.614,29 euros

Factura num. 2011163 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento do alumeadoo público en abril. Importe 2.301,06 euros

Factura num. 01-478 de Puente Ulla, S.L por gasóleo para os tractores no mes e abril. Importe 196,00 euros

Facturas num. 01-482, 01-485, 01-484 e 01-483 de Puente Ulla pro carburantes para os vehículos municipais en abril. Importe 1.641,70 euros

Factura num. 4000717045 de Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos, S.A do mes de abril. Importe 415,76 euros

Listado de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes a recibos de alumeados públicos en marzo. Importe 13.641,97 euros

Factura num. 7 de Panadería Raviña por pinchos para a entrega de trofeos da liga local. Importe 82,45 euros

Factura num. 1.931 de Recambios Balsa Hnos, S.L por batería. Importe 97,62 euros

Taxas da Xunta por dilienciado de libro de reclamacións para a casa da terceira idade. Importe 4,87 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á depuradora de San Xián de Sales en abril. Importe 363,72 euros

Factura de Telefónica de España, S.A.U corresponde á sede de protección civil en abril. Importe 56,36 euros

Facturas de Telefónica de España S.A.U do mes de abril. Importe 415,40 euros

Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico. Importe 100,00 euros

Recibo de Editorial Compostela, S.A por suscrición ao xornal no mes de abril. Importe 41,00 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por suscrición ao xornal no mes de abril. Importe 32,00 euros



Recibo de Digital + por abono a TV Digital -Canal+Futbol na casa da terceira idade no mes de maio. Importe 51,47 euros

Factura num. 0092103637 de Siemens Renting, S.A por alugamento da fotocopiadora da planta baixa da casa do concello no mes de abril. Importe 558,32 euros

Factura 151211FS0016264 de Supervisión y control, S.A por inspección periódica do camión de recollida de lixo. Importe 55,90 euros

Factura de M<sup>a</sup>. Carmen Vázquez Fernández por productos hixiénicos. Importe 195,00 euros

Ticket de gastos do gañador do concurso "Vedra ao descuberto" no mes de marzo. Importe 100,00 euros

Ticket de gastos do gañador do concurso "Vedra ao descuberto" no mes de abril. Importe 100,00 euros

Gastos de aparcadoiro por xestións en Santiago de P.C. Importe 0,45 euros

Gastos de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 29,29 euros

Gastos da excursión ás termas de Outariz, con achegas dos participantes. Importe 547,50 euros

Factura num. SPA/33530/2011 de MC SPA Sociedad de Prevención, S.L por concerto publicidade no mes de abril. Importe 340,21 euros

Factura num. 95002443 de Fornecementos Galegos, S.L por copias feitas nas fotocopiadoras nos meses de marzo e abril. Importe 762,68 euros

Recibi de José Manuel González Nande por actuación na romaría da terceira idade. Importe 450,00 euros

Factura num. A00016363 de MRW do mes de abril. Importe 36,19 euros

Factura num. 5 de Panadería Raviña por empanadas para a inauguracion exposición no museo de Vedra. Importe 28,00 euros

Taxas da Xunta por validación sanitaria da piscina. Importe 16,50 euros

Listado de Gas Natural SUR SDG, S.A correspondentes a punto limpo, nave almacén, ludoteca e edificios culturais e centro de saúde. Importe 4.141,96 euros

Facturas de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondentes á Casa do Concello en abril. Importe 845,85 euros

Facturas de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondentes ao CPI de Vedra en abril. Importe 2.029,45 euros



Facturas de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondentes á garderia municipal en abril. Importe 514,92 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente ao campo de futbol de San Mamede en abril. Importe 724,62 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á piscina municipal en abril. Importe 86,74 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á edar de San Xián de Sales en abril. Importe 557,31 euros

Facturas de Telefónica Móviles España, S.A do mes de abril. Importe 1.312,19 euros

Factura num. 1372 de Mobraferr, s.l.u por ventiladores para o multiusos de Trobe. Importe 2.267,96 euros

Facturas nums. 75, 76 e 86 de Agrupación de Veteranos por arbitraxes da liña local sala tempada 2010/2011. Importe 3.028,00 euros

Factura num. 76 de Agrupación de Veteranos por arbitraxes torneo de Natividad. Importe 388,00 euros

Factura num. 66 de Pereira y Sánchez, S.L por estructura para soporte de focos no centro sociocultural de Trobe. Importe 354,00 euros

Factura num. 5 de Bar Timonel por alugamento dunha carpa para a xuntanza do entroido. Importe 708,00 euros

Cotas de afiliación da Fegamp do ano 2011. Importe 212,54 euros

Factura num. 3/11 de Juan Guerra Neira por comida da festa do viño da Ulla. Importe 1.630,80 euros

Factura num. 2/11 de Juan Guerra Neira por gastos da xuntanza do entroido. Importe 199,80 euros

Factura num. 160/11 de Talleres Mosteiro por cambiar bobina e arranxar falso eléctrico no camión de recollida de lixo. Importe 222,28 euros

Factura num. 310.123 de Artes Gráficas Litonor por carteis, entradas , dípticos e outros para teatrofilia. Importe 964,06 euros

Factura num. 31/3002 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 990,00 euros

Factura num. 7170038508 de Ofiservice por toner. Importe 188,02 euros



Factura num. 104/12 de Alquimao, S.L por puntais. Importe 9,44 euros

Facturas nums. B/20, B/11 e B/4 de Comercial Agrícola Vedra, S.L por botellas de viño para actos diversos. Importe 200,85 euros

Facturas nums. 104/1, 104/5 e 104/28 de Alquimao, S.L por alugamento de sanitarios para a festa do viño e outros . Importe 2.206,60 euros

Facturas nums. 30, 31,29, 28,27 e 26 de García -García por materiais diversos paras as distintas actividades municipais. Importe 1.458,21 euros

Factura num. 201100052 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 465,81 euros

Factura num. 104/8 de Pazos y Vieiro, S.L por espellos e outros. Importe 1.538,00 euros

Factura num. 4320110101368 e 4320110101408 de Espina y Delfín -Servizo Municipal de Boqueixón por subministro de auga a Vedra nos meses de xaneiro a marzo. Importe 159,87 euros

Factura num. 2385 de Asvetrans, S. Coop. Galega por transporte de áridos dende a Mina Serrabal para as obras municipais. Importe 637,20 euros

Factura num. 9 de Miguel Camino Bouzón por traballos de fontanería no mes de febreiro. Importe 980,58 euros

Factura num. 13 de Miguel Camino Bouzón por traballos de fontanería no mes de marzo. Importe 763,46 euros

Factura num. 17 de Miguel Camino Bouzón por traballos de fontanería no mes de febreiro. Importe 307,98 euros

Factura num. 113/11 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por correos e discos para as desbrozadoras. Importe 64,20 euros

Factura num. 1207 de Droguería -Ferreteria El Sol , S.L por material hixiénico para o CPI de Vedra. Importe 69,20 euros

Factura num. 211 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autocares cos participantes na excursión a Outariz e partido de fútbol do R.C. Deportivo de A Coruña, con achegas dos participantes. Importe 648,00 euros

Factura num. 209 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autocares para as actividades da escola de verán 2010. Importe 1.566,00 euros

Factura num. 110011PA00350 de Sociedad Española de Radiodifusión, S.L por porgramación especial do Concello a Concello. Importe 472,00 euros



Factura num. 11/00343 de Sapa Con. y Serv. S.L por retirada de material do punto limpo. Importe 658,80 euros

Factura num. 05/11 da Fundación Refuxio de Animais por cota correspondente ao 1º cuatrimebre do 2011. Importe 3.208,13 euros

Factura num. 2011/1165 de Sogama por tratamento dos residuos sólidos de Vedra no mes de abril. Importe 7.620,39 euros

Factura num. 558 da Vda. de Parada y J. Alvela, S.L por tarrinas de flores para a romaría da terceira idade. Importe 82,60 euros

Factura num. 11/000101 de Mapoca, S.L por formigón incluído na memoria de soportes para colectores financiado con cargo ao convenio asinado pola Deputación Provincial. Importe 7.209,35 euros

Facturas de Talleres San Fins, S.L por arranxos nos vehículos municipais nos meses de abril e maio. Importe 5.688,10 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

#### 4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de abril do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais que se levan a cabo por dona Carmen Costa Piñeiro, consistentes na construcción dun peche en Paradela e ordenar a demolición do mesmo ao tratarse de actos executados non compatibles co disposto no vixente PXOM.

A Xunta de Goberno dáse por enterada


4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de abril do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente sancionador por infracción urbanística por construcción dun peche en Paradela, do que se presume responsable a dona Carmen Costa Piñeiro.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de abril do ano que andamos, pola que se acorda requerir á empresa Dago, S.L, como adjudicataria da obra de *Acondicionamento da estrada Oza-Cibrán*, para que á vista das deficiencias detectadas na obra, segundo informe do director da mesma, presente as alegacións que considere oportunos; de non ser así que se emita informe por Secretaria sobre da lexislación aplicable e procedemento a seguir para a axecución do aval.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de maio do ano que andamos, pola que á vista do informe técnico emitido sobre deficiencias nas obras de urbanización tramo do camiño en Laraño, levadas a cabo pola constructora Valde Matelo, S.L, para as que se lle esixirá o depósito dun aval para responder das



mesmas, acórdase requerir á citada empresa para que presente as alegacións que estime oportuno; de non ser así que se emita informe por Secretaría sobre da lexislación aplicable e procedemento a seguir para a axecución do aval.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de maio do ano que andamos, pola que se ordena o arquivo do expediente tramitado con respecto de don Daniel Goldar Beiras en calidade de propietario de parcela en Pazos -Santa Cruz de Ribadulla (Os Palmeiros), ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de maio do ano que andamos, pola que se ordena o arquivo do expediente tramitado con respecto de don Manuel Mourentán Castro en calidade de propietario de parcela en Ponte Ulla , ao terse procedido á limpeza e acondicionamiento da misma.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de maio do ano que andamos, pola que se ordena o arquivo do expediente tramitado con respecto de don Pablo Rey Ballesteros en calidade de propietario de parcela situada en Figueiredo-Ponte Ulla , ao terse procedido á limpeza e acondicionamiento da misma.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data nove de maio do ano que andamos, pola que se da conta do cumprimento de trienios polo seguintes traballadores: Juan Jesús de la Fuente Torres (6º) e don Juan Duarte Porto (5º) con efectos do 01/05/2011.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.9.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de maio do ano que andamos, pola que se tendo en conta as circunstancias do servizo de axuda no fogar, ordénase a redución da xornada de traballo de dona Pastora Rendo rial a 27 horas/semanais a parteires do 18/05/2011.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.10.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de maio do ano que andamos, pola que se acorda ratificar o contido da Resolución da Alcaldía de data 11/03/2011 e en consecuencia desestimar as alegacións presentadas por dona Carmen Castro Nogueiras.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.11.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de maio do ano que andamos, pola que se acorda arquivar o expediente de reposición da legalidade tramitado por obras consistentes na colocación de postes de ferro con malla de arame sobre dun alboio en Picón -Vilanova executadas por don Ramón García Raposo, ao terse modificado estas e retirado o peche obxecto do expediente

A Xunta de Goberno dáse por enterada



4.12.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de maio do ano que andamos, pola que se ratifica o contido da Resolución da Alcaldía de data 28/04/2011 e en consecuencia desestimar as alegacións presentadas por dona Carmen Costa Piñeiro contra o acordo de demolición das obras de peche en Paradela.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

#### 5º.- Outros asuntos

##### 5.1.- Escrito num. 597/11 de don Elisardo Ferreiro Camino

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, expón que é titular da licenza num. 10 de autotaxi para exercer a actividade neste concello, e dado que con data 18/05/2011 xubilouse, solicita que lle sexa concedida a transmisión da licenza a nome do seu fillo Oscar Ferreiro Casal

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

##### 5.2.- Subvención Festa da Orella

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha subvención por importe do 50% da factura polo gasto de adquisición da orella do porco, é dicir, oitocentos corenta e dous euros con corenta céntimos (#842,40#)

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e cinco minutos

